

NON É O QUE PARECE

Había unha vez un rapaz chamado Xoán que vivía na aldea e tiña a súa casa a carón do río. Desde a súa fiestra vía subir e baixar os veciños ao río, croar as ras e fixándose un pouco, ata saltar algunha troita. Como case todos os que viven a carón do río, Xoán foi aí onde aprendeu a nadar e como non, a súa maior ilusión era a pesca. O seu avó que tiña moita experiencia foi quen lle ensinou e lle dixo moitos trucos, como por exemplo: que cebo era mellor para a troita ou para o escalo e cales as mellores horas para ir a pescar. Na súa casa sempre se contaban historias sobre o río, cousas que teñen pasado nel, coma por exemplo que tiña afogada moita xente nel e que se teñen sacado uns xigantescos salmóns. Tamén oía historias sobre a Santa Compañía, que a vían andar o carón do río, xente en fila cos seus fachos alumeando. A Xoán estas historias facíanlle abrir os ollos coma pratos.

Unha noite Xoán foi para a cama durmir, no medio da noite espertou con ganas de ir o baño, ergueuse e foi. Cando viña de volta para a cama os seus ollos dirixíronse cara a fiestra e pareceulle ver unhas estrelas moi baixas. Entón, de súpeto, asomouse para ver mellor esa cousa, non eran estrelas, eran unhas luces que se movían polo monte abaixo cara o río. Os ollos de Xoán

abríronselle coma se vira unha pantasma, el seguía mirando e non era quen de moverse. Esas luces chegaron o río, fixeron unha parada e logo comezaron a moverse polo río abaixo. A poucos paraban, a poucos movíanse. Logo pasada unha hora máis ou menos volveron a saír do río, a parar outro pouco e volveron monte arriba ata que desapareceron. A Xoán acordoulle a historia que algún día escoitara na casa sobre a Santa Compañía e pensou que esa historia se estaba repetindo con el. Meteuse na cama case inmobilizado, non pegou ollo en toda a noite. En canto sentiu erguer a seu pai marchou correndo para contarllo. Seu pai díxolle que estivera tranquilo que esas cousas non existían. El insitía que o vira tal como llo contara, díxolle a hora, o que facían, por onde viñan e por onde se foron. O seu pai díxolle que estivese tranquilo, que investigarían para saber que era o que vira a noite pasada. O avó que xa tiña experiencia e polo que contara o neno e máis no tempo no que estábamos xa se decatou de camiño do que podía ser ou máis ben do que en realidade era. Non tiveron mais que esperar ata a noite seguinte, onde se colocaron os tres na fiestra agardando a hora axeitada. Cal foi a sorpresa para Xoán? Que todo volveu a acontecer tal como o fixera a noite pasada, apareceron e desapareceron do mesmo xeito. Pero o avó e máis o seu pai xa se decataron do que estaba a acontecer, xa que case todos os anos pasaba o mesmo nesas datas. Explicáronlle que non era a Santa

Compañía, senón que eran os furtivos que viñan a botar a rede para así pillar un maior número de troitas. Para que ninguén os vira tiñan que vir pola noite, para poder ver na escuridade sempre traían luces, e así semellan o que realmente non é.